

## Novos prazos do procedemento

a) De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os demais prazos do procedemento de admisión redúcense á metade.

b) Sen prexuízo do anterior, establécense os seguintes novos prazos do proceso:

- **Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo:** ata o día 26 de maio de 2020.
- **Publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido:** antes do 9 de xuño de 2020. [Aclaracións sobre a publicación de listaxes.](#)
- Poderanse formular **reclamacións contra as listaxes provisionais** no prazo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación.
- **Publicación das listaxes definitivas** do alumnado admitido e non admitido: ata o 26 de xuño de 2020.
- **Formalización da matrícula en educación infantil e primaria:** do 1 ao 10 xullo de 2020.
- Formalización da matrícula ordinaria en educación secundaria obrigatoria e bacharelato: do 1 ao 10 xullo. Prazo extraordinario: do 1 ao 10 de setembro de 2020.